



PROGRAMA DE BENESTAR A TRAVÉS DA TALASOTERAPIA

XUNTA DE GALICIA

Programa de benestar a través da talasoterapia 2018

Este ano 2018 ponse en marcha o “Programa de benestar a través da talasoterapia”, coa finalidade de facilitarlles ás persoas maiores o acceso a establecementos que ofertan talasoterapia en épocas nas que a climatoloxía non permite gozar directamente dos beneficios das augas mariñas.

Mediante este programa ofértanse un total de 210 prazas con estadias de 6 días (5 noites) nos talasos de Galicia e nas datas que se indican no anexo III.

Persoas beneficiarias e requisitos

1 Serán persoas beneficiarias as que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de 60 anos ou maior de 55 e, neste caso, reunir a condición de pensionista do sistema da Seguridade Social, polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.
- b) Estar empadroado e residir nalgún concello da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Valerse por si mesmo para as actividades da vida diaria e estar en condicións de participar no programa.
- d) Non padecer alteracións do comportamento que podan afectar á normal convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio.
- e) Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos de talasoterapia.

f) Acadar, de conformidade co baremo establecido, a puntuación que lle permita acceder a un dos talasos e quenda solicitada.

* Non se contempla ningún tipo de apoio para as persoas que non se poidan valer por si mesmas.

2 A persoa solicitante poderá ir acompañada:

- a) O seu ou a súa cónxuxe ou, se fose o caso, a parella de feito ou persoa coa que teña unha unión estable e de convivencia con análoga relación á conxugal, sempre que cumpra os requisitos citados anteriormente, excepto o sinalado na letra a) do punto primeiro.
- b) Unha persoa coa que desexe participar no programa, sempre e cando esta cumpra todos os requisitos citados no apartado 1.

3 As persoas solicitantes terán que cumprir os requisitos establecidos na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes

Servizos e prestacións que se inclúen

- a) Estadia de 6 días, cinco noites (de domingo a venres).
- b) Aloxamento e manutención en réxime de pensión completa e en cuartos dobres de uso compartido.
- c) Acceso diario ao circuito mariño
- d) Póliza colectiva de seguro turístico.



Servizos e prestacións que se inclúen

As solicitudes formularanse en impreso que se indica no anexo I dirixidas á Consellería de Política Social. Dirección xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade. Subdirección xeral de Promoción da Autonomía Persoal e Prevención da Dependencia.

Para a tramitación destas solicitudes consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados pola Administración

- a) Documento nacional de identidade (DNI), ou número de identificación de estranxeiro (NIE), segundo proceda, relativo á persoa solicitante e, se fose o caso, á que a acompaña: cónxuxe, parella de feito ou relación análoga á conxugal.
- b) Certificado de empadramento relativo á persoa solicitante e, se for o caso, á que acompaña.
- c) Declaración do IRPF correspondente ao último período en que se presente a solicitude e/ou certificado das pensións non outorgadas polo INSS ou pola Xunta de Galicia, da persoa solicitante e da acompañante, se fose o caso.
- d) Declaración de reunir os requisitos c), d) e e) establecidos no apartado 1, tal e como se recolle nos anexos I e II

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta deberán indicalo no cadro habilitado no modelo de solicitude ou no Anexo II, e achegar os documentos acreditativos correspondentes.

En todo caso, e cando proceda, terán que acompañar os seguintes documentos:

- Certificado das pensións non outorgadas polo INSS nin pola Xunta de Galicia, da persoa solicitante e da acompañante, se for o caso.

En cada solicitude só se poderá relacionar un **MAXIMO DE TRES QUENDAS** por orde de prioridade.

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación das solicitudes estará aberto ata o **día 31 de xullo do 2018**

Valoración de solicitudes

Para a valoración das solicitudes daráselle preferencia ás persoas con menos ingresos e de maior idade.

Información:

● Consellería de Política Social

Subdirección Xeral de Promoción da Autonomía Persoal e Prevención da Dependencia

Edificio Administrativo San Caetano, s/n. 15781 Santiago de Compostela.

Tlfn: 981 546737/ FAX: 981 545691;

correo electrónico: autonomiapersoal.sxps@xunta.gal

<http://politicassocial.xunta.gal/web/portal/portada-de-maiores>

● Teléfono Social: 900 333 666



Información gratuíta no teléfono social

900 333 666

Destinos, prestacións, quedas e prezo da estada:

Destinos	Prestacións	Datas e quedas	Prezo da praza
Hotel Talaso Louxo **** Isla de la Toja. Pontevedra.	Parque Mariño (60 minutos/día)	do 21 ao 26 de outubro	201,00 euros
		do 4 ao 9 de novembro	
		do 11 ao 16 de novembro	
		do 18 ao 23 de novembro	
		do 25 ao 30 de novembro	
		do 9 ao 14 de decembro	
Talaso Atlántico **** Oia. Pontevedra	Recorrido Mariño (un acceso diario)	do 7 ao 12 de outubro	201,00 euros
		do 21 ao 26 de outubro	
		do 28 outubro ao 2 novembro	
		do 4 ao 9 de novembro	
		do 11 ao 16 de novembro	
		do 18 ao 23 de novembro	
Thalasso Cantábrico **** Aloxamento Hotel****/Restaurante Wellness Thalasso Viveiro. Lugo.	Circuito (un acceso diario)	do 7 ao 12 de outubro	201,00 euros
		do 21 ao 26 de outubro	
		do 28 de outubro ao 2 de novembro	
		do 4 ao 9 de novembro	
		do 11 ao 16 de novembro	
		do 18 ao 23 de novembro	
		do 25 ao 30 de novembro	

